



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n,  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

**ACTA NÚM. 10/2.015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL  
DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE  
2.015**

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e trinta e cinco minutos do día dezanove de Outubro do ano dous mil quince, reúnen a Xunta Veciñal da devandita Entidade baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Miguélez Casás.  
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

**1º. APROBACIÓN ACTA N°09/2015 DE DATA 01-09-2015.**

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 9/2015 de data 01-09-2015, considéranse se considera aprobada votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

**2. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2015**

A Presidencia le a proposta da alcaldía Pedanía de data, 13 de outubro de 2015, que é do teor literal seguinte:

**“Asunto: Crédito extraordinario 2/2015**

Resultando que a liquidación do exercicio 2014 aprobada por decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2015, determina un remanente de tesourería para Gastos Xerais ascende o importe de 212.517,34 €, habéndose utilizado para a financiación do crédito extraordinario 1/15 a cantidade de 155.300 euros, polo que restan 57.217,34 euros, dos que o informe de Intervención estima como susceptible de utilización a súa totalidade,

Visto o establecido na Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira, engadida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público

Considerando o disposto na memoria desta Alcaldía, Os gastos cuxa dotación orzamentaria son obxecto deste expediente teñen carácter de urxentes e inaprazábeis ata o próximo exercicio sendo necesarios para atender as demandas urxentes dos nosos veciños e a actualización do programa informático contable, segundo se detalla a seguir:

Á vista da memoria xustificativa, da necesidade e urxencia do gasto emitida por esta Alcaldía e do informe da Intervención municipal, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

**ACORDO:**





**Primeiro:** Aprobar provisionalmente a concesión do crédito extraordinario nº 2/2015 habilitando a dotación de crédito necesario nas seguintes partidas de nova creación:

Prog	Econ	NOMPARTIDA	Crédito €
931	64100	Política económica e fiscal. Gasto en aplicacións informáticas	3.500,00.-
338	62500	Festexos. Equipo de música	1.341,00.-
172	62500	Parques e xardíns. Mobiliario urbano	9.183,90.-
337	62500	Mobiliario local social.	2.463,56.-
<b>TOTAL</b>			<b>16.488,46.-</b>

**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Calés s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Que se financiará do seguinte xeito:

87000 Remanente de Tesourería para gastos xerais.....	16.488,46.-€
---	--------------

**Segundo:** Que unha vez adoptado o acordo provisional se expoña ó público mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios desta Corporación polo período de quince días hábiles, durante o cal os que teñan a condición de interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**Terceiro:** Este expediente de modificación de crédito considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.”

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta anteriormente transcrita quedando aprobada, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 4 DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ E D. JACOBO ALONSO IGLESIAS (PP).**

**ABSTENCIÓN: 1 DE JOSÉ LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).**

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as quince horas e corenta minutos do día ut supra. Dou fe.

